

CURSO 2021-2022

O PLAN DE CONTINXENCIA do centro educativo JESUITINAS MIRALBA, pertencente á FUNDACIÓN EDUCATIVA JESUITINAS, ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula, etapa educativa ou todo o centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

No contexto deste protocolo, defínese *gromo* como “a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar”, sendo sinónimo de abrocho ou brote.

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. No caso de persoal do centro ou estudante do que se sospeite que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 na escola, seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual e ben ventilado. Colocarase unha máscara cirúrxica, tanto á persoa que iniciou os síntomas como á persoa ao seu coidado. En caso de síntomas de gravidade ou dificultade para respirar, chamarase ao 061.
3. O titor/a ou, no seu caso, un membro do Equipo COVID contactará coa familia en caso de afectar ao alumnado. A familia do alumno/alumna con sospeita de infección debe solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para avaliar a necesidade de solicitar unha proba de diagnóstico. Se non hai cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para que o avalíe o médico de atención primaria. No caso dun traballador que presenta síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido con máscara e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa igualmente valorada por un profesional sanitario.
4. En caso da aparición dun caso ou sospeita de coronavirus no colexio, xa sexan alumnos, docentes ou persoal do centro, o coordinador do equipo formado en COVID-19 poñerase en contacto coas autoridades sanitarias competentes e incluírá na aplicación informática a información relativa aos

contactos próximos, tanto compañeiros como profesores, así como as persoas próximas na contorna escolar.

5. Tras a aparición dun caso diagnóstico confirmado de Covid 19, seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, quen determinará a posibilidade de illamento parcial ou total do centro educativo (aula, grupo de aulas ou totalidade do centro). No caso de que o illamento sexa parcial, o funcionamento do resto manterase da forma habitual.
6. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través da Central de Seguimento de Contactos da Pandemia, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena, o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
7. A autoridade sanitaria, dependendo do número de contagios, poderá ordenar o peche dunha ou máis aulas, un nivel educativo ou o colexio na súa totalidade de acordo cos seguintes casos, que a día de hoxe son:
 - A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un caso de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obrigación de entrar en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que se consideren contacto próximo.
 - A suspensión da actividade lectiva presencial supoñerá a aplicación das normas previstas neste protocolo, relativas á educación a distancia. Para os efectos de determinar o nivel de risco, a autoridade sanitaria poderá volver avaliar o paso ao nivel de risco NR 2 para os casos de consideración de vulnerabilidade e cualificación do persoal sensible.

ACCÍONS PARA O PERIODO DA ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

8. A docencia non presencial será impartida polo profesorado ordinario dos alumnos, a través das plataformas educativas utilizadas no centro. O profesorado fará o seguimento dos alumnos impartindo os coñecementos da materia de forma virtual a través dos contidos que facilite o docente. Así mesmo, o profesor poderá poñer tarefas que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
9. O equipo COVID do centro identificará os alumnos que teñan dificultades de conexión ou falta de equipamento para tentar solucionarlas na medida do posible.
10. Para cada caso concreto de suspensión da actividade docente presencial, a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos

ordinarios de avaliación dos alumnos cando coincidan co tempo de suspensión.

11. Medidas durante o período de suspensión da actividade presencial:

a) EDUCACIÓN INFANTIL

Debido a que nestes cursos a súa autonomía e as súas competencias dixitais non están suficientemente desenvolvidas, a educación non presencial será pautada e dirixida.

- O titor ou titora enviará semanalmente a información sobre o desempeño das tarefas a través do correo da Plataforma EDUCAMOS.
- Enviaranse actividades relacionadas co Proxecto de Comprensión no que se estea traballando en cada un dos niveis, xunto con actividades específicas de grafomotricidade e lectoescritura.
- Enviaranse ligazóns a páxinas con actividades máis lúdicas que reforcen a aprendizaxe.
- Reforzarase o vocabulario de Inglés mediante audición de cancións.
- Os mércores, establecerase unha sesión de tutoría telemática a través da ferramenta Google Meet.
- Os venres enviarase un videoconto para traballar a comprensión oral, alternando o galego e o castelán.

b) EDUCACIÓN PRIMARIA

1º e 2º EP

Estes cursos non contan cun dispositivo dixital persoal para traballar a diario. En caso de actividade lectiva non presencial habilitaríanse contas de correo electrónico corporativas para cada alumno, de forma que se poida traballar con todos eles a través da contorna Google Classroom, Google Meet e Gmail, facendo uso de dispositivos persoais das familias.

Os titores instruirán no seu uso a alumnos e familias para que, en caso de confinamento, pódase continuar coa actividade lectiva de forma áxil.

Nestes cursos:

- Os luns, os titores e profesores enviarán a tarefa semanal de cada materia a través do correo da plataforma EDUCAMOS.
- Se emplearán videos tutoriais para explicar determinados contidos.
- En caso de confinamento, enviarase un horario adaptado ao ritmo de traballo en casa, e para unha mellor atención poderán establecerse grupos de traballo máis reducidos.

3º, 4º, 5º e 6º EP

3º é un curso fundamental, pois estes alumnos intégranse na Aula i+. Por iso será importante traballar nas primeiras semanas na adquisición das competencias dixitais e no coñecemento das aplicacións necesarias para poder desenvolver con autonomía as clases na contorna dixital.

A partir de 3º de Educación Primaria, non será necesario facer axustes de importancia para que os alumnos reciban indicacións sobre as súas tarefas, resolvan as súas dúbidas e poidan corrixilas.

En todos estes cursos, en caso de confinamento:

- As sesións lectivas realizaránse de forma telemática a través da ferramenta Google Meet.
- Utilizarase recursos LMS (entornos virtuais de aprendizaxe), tales como Classroom ou Showbie.
- A través do correo da Plataforma EDUCAMOS manterémosvos informados das tarefas que enviemos ao correo dos vosos fillos.
- Enviaranse videos tutoriais para repasar contidos ou incorporar novas aprendizaxes.
- En caso de confinamento, enviarase un horario adaptado ao ritmo de traballo na casa, e para unha mellor atención poderán establecerse grupos de traballo máis reducidos.

c) EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

Dada a maior autonomía dos alumnos, será o profesor de cada materia quen envíe a tarefa semanal, indicando prazos de entrega.

A tarefa será proporcionada e acorde ás horas semanais de cada materia.

- As sesións lectivas realizaranse de forma telemática a través da ferramenta Google Meet.
- Utilizaranse recursos LMS (entornos virtuais de aprendizaxe), tales como Classroom ou Showbie.
- Correo electrónico corporativo para a comunicación profesor-alumno.
- En caso de confinamento, enviarase un horario adaptado ao ritmo de traballo na casa.

Os dispositivos dixitais dos alumnos están xestionados polo centro, polo que se poderán variar os axustes e instalar novas aplicacións de forma remota así como asegurar o seu correcto uso como ferramenta pedagóxica.

Ante calquera problema técnico, estarán a disposición de familias e alumnos os canais habituais para abrir calquera incidencia técnica:

- Educación Primaria: comunicación alumno – titor
- ESO e Bacharelato: cuestionario “Incidencias Aula i+”
- Familias: cuestionario Px. Web

MEDIDAS PARA A REANUDACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE PRESENCIAL

- 12.** Ao finalizar o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, deberanse seguir as instrucións da autoridade competente para planificar o regreso á actividade presencial. O centro, a súa vez, o comunicará á comunidade educativa.